

## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000009

### ACTA Nº 2019/9

#### SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO , VENRES 30 DE AGOSTO DE 2019 -

No día de hoxe, ás 19:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

**Preside:** Benigno Galego Castro, **Asisten:** Rocio Martinez Martinez, Candido-Eusebio Prieto Lago, David Prada Aneiros, Patricia Santalla Perez, Cristian Carrodegas Graña, Marina Tojeiro Martinez, Alberto Javier Rey Paz, Maria-Amalia Diaz Rodriguez

**Ausencias:** Ningunha


**Secretaria – Interventora:** Paula Diaz Tie

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**

**1. Aprobación , das actas dos plenos reunidos os días 15/06/2019 e 04/07/2019 .** Os membros dos pleno por unanimidade aprobaron as actas antes mencionadas .

**2.- Proposta da Alcaldía de aprobación da conta xeral do ano 2018 . Leido o ditame da comisión especial de contas seguinte :** Unha vez confeccionada a conta xeral do exercicio económico de 2018, e tendo en conta o establecido nos artigos 208 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, esta Alcaldía propón que a comisión especial de contas proceda a informar a seguinte proposta: **Primeiro.- Informar favorablemente a conta xeral do exercicio de 2018 que reflexa a situación financeira, económica e patrimonial, así como os resultados económicos da execución e liquidación do presuposto municipal. Segundo.-** Iniciar un período de exposición pública, por prazo de quince días, durante os cales e oito máis, os interesados poden presentar as reclamacións que estimen pertinentes. **Terceiro.-** Unha vez rematado o prazo de exposición pública, someter ó pleno da corporación a aprobación da conta xeral de 2018, para que poida ser aprobada antes do día 1 de outubro de 2019. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a proposta anterior.**

**3. Proposta da Alcaldía de aprobación do POS 2019+ Adicional por maiores achegas da Deputación . Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte :** Unha vez enviada por parte da Deputación da Coruña a circular informativa sobre o Plan provincial de cooperación ás



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000009


obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019 ,e atendendo as necesidades de investimento sostibles no concello esta Alcaldía propón a o Pleno a adopción do seguinte acordo : 1.- “Participar na **2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Camiño de As Felgosas a Paleira ( A Barqueira ) e outros	56.176,15	0,00	56.176,15
Camiño de O Covelo As Mestas ( Os Casás ) e outros	46.607,10	0,00	46607,10
<b>TOTAL</b>	<b>102.783,25</b>	<b>0,00</b>	<b>102,783,25</b>

Maior achega provincial asignada ao concello	183.912,48
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	81129,23
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	102.783,25

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias. 3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe. 6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”**Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobou a proposta anterior**

**O concelleiro Alberto Rey Paz** ,solicita poder ver o contido dos proxectos de obra



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000009


**O alcalde** responde que todos os asuntos que van o pleno poden ser consultado libremente nas oficinas municipais dende o momento que recibe a convocatoria do pleno , e se quere consultar estes ou outros asuntos despois , ten que solicitalo por escrito e se fixa unha hora e dia para podelos consultar .

**4.- Festivos locais 2020.Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte:** Dada a posibilidade de establecer dous días de cada ano natural como festa locais, segundo establece o artigo 37.2 do Estatuto dos Traballadores esta alcaldía propón ó pleno a aprobación da seguinte proposta:**Primeiro** - Establecer como festivos locais para o ano 2020, os días 25 de febreiro de 2020, (martes de entroido) e o 6 de xullo de 2020.**Segundo**- Remitirlle copia deste acordo a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar. Os **membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a proposta anterior.**

**O alcalde** explica que dende hai varios anos , os festivos locais rotan cada ano , correspondéndolle o vindeiro ano a parroquia de Cerdido .

### **5. Proposta da Alcaldía de non dispoñibilidade de créditos,no orzamento municipal do ano 2019. Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte : Antecedentes administrativos**

Solicitude de acordo de non dispoñibilidade de crédito ( AND) por parte do Director xeral de Política Financeira , Tesouro e Fondos Europeos da Xunta de Galicia, asinado o día 29/05/2019 dado o incumprimento da regra de gasto no exercicio económico 2018 ,posto de manifesto coa aprobación da liquidación do orzamento do ano 2018, por un cantidade de 95.351,49 € Liquidación do orzamento municipal de 2018 , aprobado por Decreto da Alcaldía 60/2019 do día 25/03/2019 Plan económico financeiro 2018-2020 aprobado por acordo do Pleno de Cerdido do día 27.04.2018.Informe da secretaria -interventora asinado o día 09.08.2019**Lexislación aplicable** .Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentibilidade financeira ( LOEOF) .Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais ( TRLRHL ).Real Decreto 500/1990 de 20 de abril polo que se desenvolve o Capitulo I do Titulo VI da Lei 39/1988 de 28 de decembro ( RD 500/1990) .Esta Alcaldía propón ao pleno o seguinte acordo : **Primeiro:**Aprobar a non dispoñibilidade de crédito por importe de - 95,351,49 ,na aplicación orzamentaria 1521.639,00 , reparación de camiños no presuposto municipal do ano 2019.A non dispoñibilidade de crédito derivase do acto mediante o cal se inmoviliza a totalidade ou parte do saldo de crédito dunha partida orzamentaria, declarándoo como non susceptible de utilización, a declaración de non dispoñibilidade non supoñerá a anulación do crédito, pero con cargo ao saldo declarado non dispoñible non poderán acordarse autorizacións de gastos nin transferencias e o seu importe non poderá ser incorporado ao Orzamento do exercicio seguinte. O acordo de non dispoñibilidade de crédito , supón unha medida de aforro de gasto solicitada polo órgano de tutela financeira para



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000009

poder cumprir a regra de gasto durante este exercicio. Os **membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a proposta anterior** .


O **alcalde** expón a necesidade de adoptar este acordo por petición da Xunta, tras o incumprimento da regra de gasto , e se acorda a non dispoñibilidade de crédito en materia de camiños ,porque é a partida con mais orzamento e na que xa están en marcha varios proxectos de obra .

**6.- Modificación Bases de execución do presuposto , artigo 25 . Subvencións .Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte:**No presuposto municipal para o ano 2019 , dotouse cunha cantidade de 5000,00 € a aplicación orzamentaria 433.762,00 como transferencia a realizar ao Concello de Moeche , como posible achega para poder solicitar unha subvención conxunta entre varios concellos para realizar un centro comarcal de transformación alimentaria na antiga nave dos queixos no recinto feiral de San Ramón, en Moeche. A achega do Concello de Cerdido para poder realizar este investimento , será abonada por parte da Deputación da Coruña polo que pódese minonar a aplicación orzamentaria en 2600,00 sen prexudicar as previsións iniciais do proxecto .Por outra banda , as asociacións municipais están a facer unha labor de promoción cultural e de fomento do tempo de lecer do lecer dos nenos do concello moi importante que este concello pretende fomentar , co incremento das axudas a través de subvencións nominativas anuais, polo que se pretende aumentar a achega municipal en 2600,00 como subvención nominativa a estas entidades .Esta Alcaldía , propón a aprobación de este acordo :  
**Primeiro:** Aprobar o expediente de transferencia de créditos, , entre as seguintes partidas orzamentarias. **Minoración de partidas**

Partida. Minor.	Descrición	Imp. minorar
433.762.00	Transferencias de capital a outros entes locais	2.600,00 €
<b>Total modificación</b>		<b>26000,00 €</b>

### Incremento de partidas

Partida increment	Concepto		importe
334.480.00	Promoción cultural	Transferencias correntes a entidades sen animo de lucro	1.300,00 €
324,480,00	Servizos complementario da educación	Transferencias correntes a entidade sen animo de lucro	1.300,00 €
<b>Total modificación</b>			<b>2.600,00 €</b>



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000009

**Segundo:** Unha vez aprobada inicialmente a modificación, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña por quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. . A modificación considerárase aprobada, se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.. A modificación das bases de execución deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia para o seu xeral coñecemento. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a proposta anterior .**


O alcalde explica que vaise modificar o presuposto para poder apoiar as asociacións que están a desenvolver o campamento de verán para os nenos , e que esta partida dotouse a inicios de ano para apoiar un proxecto conxunto entre varios concellos ,pero na actualidade a achega municipal vai ser financiada pola Deputación .

**O concelleiro Alberto Rey Paz** pregunta que asociación son as beneficiadas

**O alcalde respóndelle** que son Asociación Airiños dos Carris e a APA os Carris do CEIP A Barqueira

**7.- Proposta da Alcaldía de modificación das Bases de execución do presuposto , artigo 25 . Subvencións. Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte:** Posto que as asociacións municipais están a facer unha gran labor de promoción cultural e de promoción dun lecer responsable , e activo para os nenos , que este concello pretende fomentar ,proponse ao pleno do Concello o aumento das cantidades asignadas como subvencións nominativas no orzamento municipal do ano 2019 Polo que esta Alcaldía propón ao Pleno o seguinte acordo :  
Primeiro:Modificar as bases de execución do presuposto municipal no seu artigo 25 , modificando as cantidades asignadas as seguintes asociacións Asociación Airiños dos Carris 2000 € APA os Carris do CEIP A Barqueira 1800 € Segundo : Unha vez aprobada inicialmente a modificación, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña por quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. . A modificación considerárase aprobada, se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.. A modificación das bases de execución deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia para o seu xeral coñecemento. **Os membros do Pleno , en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a proposta anterior**

**8. Moción do Grupo Municipal do Partido Popular sobre a adhesión o programa de recollida de plásticos agrícolas da Consellería de Medio Ambiente .Leida a moción do Grupo**



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es


exp. 2019/G010/000009

Municipal do Partido Popular seguinte: D. Alberto Rey Paz, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Cerdido, de conformidade co establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, presenta para o seu debate e aprobación se procede ante o Pleno da Corporación, a seguinte **MOCIÓN**: Adhesión o Programa de recollida de plásticos agrícolas da Conselleira de Medio Ambiente. **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**: O uso de plásticos, aínda que se trata dun material indesexado en calquera actividade, no sector agrícola e gandeiro sigue sendo inevitable. O prexuízo para o medio ambiente está claramente demostrado e as campañas de na súa contra a nivel mundial están conseguindo concienciarnos do problema.

No sector agrícola e gandeiro, en canto non sexa substituído por outras materias, os nosos esforzos deben estar orientados á súa correcta xestión despois do seu uso evitando que aparezan como refugallos nos nosos montes e os nosos ríos. No ano 2017 a Conselleira de Medio ambiente establece un programa de recollida de este tipo de plásticos ao o que se suman moitos concellos galegos. Os traballos e a súa posterior valorización, son adxudicados a empresa Tryma, S.L. Dende o noso grupo cremos importante facilitar a recollida e almacenaxe de estes refugallos a os nosos gandeiros e agricultores habilitando un punto de almacenaxe seguro onde se poidan ir almacenando ata a súa retirada pola empresa xestora. O punto de almacenaxe podería estar ubicado na parcela detrás do campo de fútbol, propiedade do concello. Por todo o exposto o Grupo do partido Popular do Concello de Cerdido somete o Pleno Municipal á aprobación dos seguintes acordos: 1.- Instalación dun punto de recollida e almacenaxe de plásticos agrícolas para a súa valorización ou reciclaxe. 2.- Adherirse a o programa ou contratar empresa autorizada para xestionar estes plásticos. **Os membros do Pleno en votación ordinaria rexeitaron a aprobación desta moción**. Dous votos a favor da moción dos concelleiros, Alberto Rey Paz e Maria-Amalia Diaz Rodriguez e cinco votos en contra da moción dos concelleiros Rocio Martinez Martinez, Candido-Eusebio Prieto Lago, David Prada Aneiros, Patricia Santalla Perez, Cristian Carrodegas Graña, Marina Tojeiro Martinez e o voto do Sr. Alcalde

**O concelleiro Alberto Rey Paz** explica que esta moción é resultado dunha petición dos gandeiros do concello que lle fixeron durante a campaña electoral, e entende que é necesario que os plásticos se reciclen e se non o faia xunta debe buscarse unha empresa e indica que en algúns casos as empresas que o recolle pagan por isto.

O alcalde explica que dende o ano 2009 o concello de Cerdido esta adherido a este programa, en 2015 solicitouse o cambio de situación do punto de recollida, xa que estaba nunha parcela que esta xunto o campo de fútbol, pero é unha zona de moito vento e pouco vixiada polo que se optou por unha parcela na feira que foi valada e preparada para isto, cando se solicitou a recollida dende a Consellería dixeron que non se iba a venir porque non están vixentes estes convenios. Hai nove ou dez meses tratouse este tema no Parlamento de Galicia coa promesa que se ían a retomar os convenios, pero a día de hoxe non temos noticias, unicamente hai unha partida presupostaria de arredor de 25.000,00 euros para toda Galicia. Entende que non é competencia municipal e



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es


exp. 2019/G010/000009

que isto debe ser asumido pola Xunta , xa que os concellos non poden asumir mais competencias impropias , incluso os residuos sólidos urbanos debemos recollelos pero non asumir o tratamento , que nos consta sobre 1400,00 mensuais por levalos a Sogama , outro concellos teñen contratada unha empresa para a recollida de plásticos agrícolas que lles cobra 3000,00 euros por dúas recollidas ao ano , propón ao concelleiro que realice unha emenda a moción para retirar os dous primeiros puntos e solicitar unicamente a conselleira que poña en marcha os convenios asinados cos concellos , dado que o punto de recollida xa o temos no concello .

**O concelleiro Alberto Rey Paz** , engade que debemos buscar unha empresa que o faga , os plásticos son un problema e deben reciclarse .

### **9.- Moción do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Cerdido,sobre o acondicionamento do Camiño de Santo André .**

Leida a moción do grupo municipal de Cerdido do tenor literal seguinte : D. Alberto Rey Paz, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Cerdido, de conformidade co establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, presenta para o seu debate e aprobación se procede ante o Pleno da Corporación, a seguinte **MOCIÓN**:Acondicionamento do treito do Camiño a San Andrés de Teixido que discorre polo noso Concello e posta en marcha da Casa Cabaneiro.**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**:As rutas de sendeirismo e os camiños de peregrinaxe a santuarios da nosa xeografía estanse a converter nunha importante fonte de ingresos e unha boa forma promocionar os concellos polos que discorren estas rutas e camiños. A Ruta do Medieval que vai dende Betanzos a San Andrés de Teixido, discorre a través de 10 concellos e está dividida en 5 etapas de 20 quilómetros cada unha aproximadamente, cun total de 95 quilómetros. Esta ruta ten en Cerdido un dos seus treitos máis importantes xa que nos e atopamos a uns a 21 km do final do camiño, polo tanto debería ser o mellor punto de parada e descanso de cara a acometer o último treito. A casa rural, agora mesmo en desuso e abandonada, está situada moi preto de este camiño e sería o punto de pernocta ideal, onde facer noite e recuperar forzas para eses últimos quilómetros do camiño. Por todo o exposto o Grupo do partido Popular do Concello de Cerdido somete o Pleno Municipal á aprobación dos seguintes acordos:**1.- Acondicionar o treito do camiño a San Andrés que discorre polo noso concello, dotando dos servizos e a sinalización adecuada. 2.- Por en marcha a Casa Cabaneiro mediante aluguer o calquera outra forma legal que permita a creación de emprego.3.- Promocionar e difundir axeitadamente esta ruta por medios escritos, redes sociais,etc. 4.- Contactar co resto de concellos implicados, e coa Consellería correspondente solicitando a axudas económicas precisas para realizar estes investimentos e o mantemento das infraestruturas. Os membros do Pleno en votación ordinaria rexeitaron a aprobación desta moción .** Dous votos a favor da moción dos concelleiros ,Alberto Rey Paz e Maria-Amalia Diaz Rodriguez e cinco votos en contra da moción dos concelleiros Rocio Martinez Martinez,Candido-Eusebio Prieto Lago,David Prada Aneiros,Patricia Santalla Perez,Cristian Carrodegas Graña,Marina Tojeiro Martinez e o voto



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000009

do Sr. Alcalde

**O concelleiro Alberto Rey Paz** expón a necesidade de darlle algún uso a casa de turismo rural , dado que non saben cal é na actualidade o seu uso in a su a situación , e que seria moi beneficioso para o concello a promoción deste camiño dado que esta a uha distancia de san Andre moi boa .

**O concelleiro Candido Prieto Lago** , explica que a ruta do medievo foi acondicionada pola Deputación da Coruña , cun investimento de 75.000,0 euros para sinalización e colocación de balizas e difusión a través de internet e dípticos de papel , entende que a sinalización é boa dado que paxinas de internet como wikiloc , poñen de manifesto a cantidade de xente que fai a rut , entende que non hai perda na ruta e que todo é susceptible de mellora , en canto a promoción do concello , fixéronse dípticos , publicase a través da paxina web e nas redes sociais e se leva publicidade de Cerdido a todas as feiras de turismo que acude a Deputación , a Xunta de Galicia , solicitouse investimento en sinalización pero non tivemos resposta .

**O Alcalde** explica que na anterior lexislatura chegouse a un consenso para poñer a venda a casa de turismo rural , pero se paralizou o asunto polas eleccións locais , en canto a súa explotación soamente hai dúas formas , unha a xestión directa , que entendemos inviable e outra o aluguer que pode implicar moitos problemas dependendo que a colla , dada a posible solicitude continua de amaños .


**A Concelleira Amalia Diaz Rodríguez** afirma que no lle parece boa idea a venda , que se pode ver outras alternativas para poder promocionar o concello , o paseo fluvial , rutas e sendeirismo etc

**O Concelleiro Alberto Rey Paz** , pregunta polo gasto anual que supón a casa e anuncia que tampouco lle parece ven a venda e que a casa debe ser xestionada promocionando o camiño

**O alcalde** explica que os gastos son poucos , electricidade e pouco mais , e explica que con cinco habitacións non é viable economicamente e que unha posible solución e que unha empresa da zona a tivera para desviar xente o outra posibilidade e a instalación de bungalows que a actual lei do solo permite .

**10.- Moción do Grupo Municipal do Partido Popular ó pleno de solicitude de cámara de vixilancia do Lume** . Leida a moción do grupo municipal do Partido Popular que se transcribe de seguido : D. Alberto Rey Paz, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Cerdido, de conformidade co establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, presenta para o seu debate e aprobación se procede ante o Pleno da





## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000009

Corporación, a seguinte **MOCIÓN: SOLICITAR CÁMARA DE VIXIANCIA DO LUME. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:** As cámaras instaladas nos montes galegos que forman parte da Rede de vixilancia dos espazos forestais, son un recurso esencial tanto na disuasión e prevención do lume coma tamén na visualización, seguimento e investigación de posibles incendios. Dado o carácter forestal do noso concello e a preocupación constante dos veciños na protección e conservación do monte, esta pode ser unha ferramenta importante na loita contra o lume e os incendiarios. No noso concello contamos cunha estación de Retegal ubicada no Coto da Forca, condición indispensable para a instalación de este tipo de cámaras e que ademais, debido a súa altitude, é un bo punto de observación. A intención da Consellería de Medio Rural é aumentar esta rede de cámaras progresivamente, como así nolo manifestaron a este grupo político nunha reunión mantida co Conselleiro de medio Rural en Santiago o pasado mes de maio. Consideramos que Cerdido debería de contar con este recurso preventivo. Por todo o exposto o Grupo do partido Popular do Concello de Cerdido somete o Pleno Municipal á aprobación dos seguintes acordos: Solicitude á Consellería de Medio Rural dunha cámara de vixilancia do lume no Coto da Forca coa emenda presentada por Alberto Rey Paz de modificar o acordo que quedaría redactado do seguinte xeito : Solicitude á Consellería de Medio Rural dúas cámaras de vixilancia do lume no Coto da Forca e no coto da Ameneira . **Os membros do Pleno en votación ordinaria aprobaron a moción anterior así como a emenda presentada por unanimidade dos seus membros .**

**O concelleiro Alberto Rey Paz** , explica que antes das eleccións foia unha reunión co Conselleiro de Medio rural para tratar estes temas e foi unha petición que se lle fixo e que pensamos moi axeitada , sobre todo no tema da prevención


**O Alcalde** explica que esta petición xa se fixera dende o concello , por escrito e unha reunión co Director xeral de montes pero que lle contestaran que ían priorizar para os concellos con alto risco de incendios

**O Concelleiro Alberto Rey Paz** , explica que non sabia nada da solicitude realizada polo concello e se compromete a volver a outra reunión , se é necesario , para volver a solicitala

**O Concelleiro Candido Prieto Lago** , suxire ampliar a solicitude a dúas cámaras , unha na cota da Forca e outro na Conta da Ameneira

**11.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía .** Xunto a convocatoria do pleno trasladouse os concelleiros a relación de decretos da Alcaldía que se transcribe deseguido :

Decreto	Fecha	Asunto
73/2019	25-04-2019	Pleno ordinario de abril 2019
74/2019	26-04-2019	Alta no padrón municipal de habitantes en Curutelo, 6, A Barqueira




## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000009

75/2019	26-04-2019	Decreto de aprobación de gastos de persoal, nóminas de abril 2019
76/2019	26-04-2019	aprobación da certificación de obra num 1 e final da obra :Camiño Covelo -Casanova ( Os Casas ) incluído no POS +2018 1/adicional
77/2019	30-04-2019	Alta no padrón municipal de habitantes en Felgosas, 17, A Barqueira
78/2019	30-04-2019	Solicitar á Consellería de Política Social a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal
79/2019	03-05-2019	Decreto aprobación de facturas: 2019/320 a 2019/451 e outros gastos.
80/2019	03-05-2019	Decreto de aprobación da modificación presupostaria por xeración de crédito _ Programa de emprego local ( Deputación da Coruña) contratación de persoas beneficiarias do RISGA ( Xunta de Galicia )
81/2019	06-05-2019	Decreto paa a convocatoria selección persoal laboral temporal. subvención RISGA
82/2019	07-05-2019	Convocatoria da Comisións Informativas especial de contas
83/2019	08-05-2019	Convocatoria selección persoal laboral temporal Plan de emprego Local da Deputación Provincial da Coruña
84/2019	08-05-2019	Alta no padrón municipal de habitantes en Porto, 58, A Barqueira
85/2019	10-05-2019	Autorización para usar a cafetería de O Castro para unha celebración particular
86/2019	10-05-2019	Relación de recibos correspondentes ó mes de abril do 2019 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
87/2019	13-05-2019	aprobación de facturas: de 2019/453 a 2019/562.
88/2019	14-05-2019	Confirmación do financiamento do POS 1/ADICIONAL 2019
89/2019	20-05-2019	Decretos para a creación do selo electrónico de Órgano do Concello de Cerdido para a tramitación automatizada dos certificados e volantes de empadramento
90/2019	21-05-2019	tramitación Convenios de colaboración suscito entre a Xuta de Galicia, FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema publico de xestión de biomasa nas faixas secundarias
91/2019	22-05-2019	Decreto de contratación de persoal para persoas preceptoras do RISGA
92/2019	24-05-2019	Decreto aprobación gastos, facturas 2019/564 a 2019/588
93/2019	24-05-2019	Contrato Menor para obras de mellora do vial de conexión Becerroi e Domende
95/2019	30-05-2019	Solicitude de uso de local municipal
94/2019	30-05-2019	Decreto de renuncia a financiación da Deputación da Coruña dentro do POS +2018 ACHEGAS en relación a obra :Saneamento en díaz por falta de financiación da Xunta de Galicia
96/2019	30-05-2019	Contrato Menor de servizos para a reparación das placas solares da Piscina Municipal
97/2019	03-06-2019	Devolución de garantía da obra :Camiño Felgosas a Casaldaia de arriba ( A Barqueira )
98/2019	04-06-2019	Modificación presupuestaria por xeracion de crédito. AGADER. Plan de mellora de camiños 2019-2020
99/2019	06-06-2019	Autorización para usar o local da cafetería de O Castro para unha celebración particular




## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000009

100/2019	06-06-2019	Pleno extraordinario para aprobación da acta da sesión reunida o día 30.04.2019
101/2019	06-06-2019	Relación de recibos correspondentes ó mes de maio do 2019 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
102/2019	06-06-2019	xestión de Comisións Informativas de contas aos efectos de aprobación da acta da ultima sesión anterior
103/2019	07-06-2019	aprobación do expediente de contratación das Obras:Mellora camiño de Casanova -Os Campos ( Cerdido ) AGADER19-20
104/2019	10-06-2019	sesións do Pleno de constitución do Concello 2019-2023
105/2019	11-06-2019	contratación do persoal laboral temporal do Plan de emprego Local da Deputación Provincial da Coruña
106/2019	12-06-2019	Decreto de aprobación da certificación num 2 da obra :Camiño Vila da Igrexia a Becerroi( Cerdido ) e outros, incluído no POS +2018
107/2019	13-06-2019	aprobación de gastos, facturas: 2019/589 a 2019/690, e outros.
108/2019	17-06-2019	Decreto de nomeamentos de tenente alcalde e delegacións
109/2019	17-06-2019	Decreto de substitución de Alcaldía durante os días 18-25 de xuño 2019
110/2019	17-06-2019	Decreto de desestimento do expediente de contratación da obra Mellora camiño de Casanova -Os Campos ( Cerdido ) AGADER19-20 pola existencia dun erro nos criterios de adxudicación
111/2019	17-06-2019	Decreto de aprobación do expediente de contratación da obra incluída no Plan de mellora de camiños AGADER 2019-2020
112/2019	20-06-2019	Autorización luminarias de San Xoan e San Pedro
113/2019	20-06-2019	declaración festas de San Xoan 2019
114/2019	26-06-2019	Modificación do contrato de Servizo de axuda no fogar por procedemento aberto, tramitación simplificada, Licitación electrónica
115/2019	26-06-2019	Autorizar o lanzamento de foguetes a cargo da empresa Pirotecnia Rocha Areas SL nas festas Cerdido 2019
116/2019	26-06-2019	Nombramento dos membros da mesa de contratación cando o órgano de contratación sexa a Alcaldía
117/2019	27-06-2019	Decreto de aprobación do convenio administrativo entre a Conselleira de Medio Rural e o Concello de Cerdido para a prevención de incendios forestais, tratamentos preventivos 2019
118/2019	27-06-2019	Decreto de contratación de persoal para cubrir unha baixa laboral do SAD 2019
119/2019	28-06-2019	Modificación presupuestaria de xeración de crédito. Convenio de tratamentos preventivos en incendios
120/2019	28-06-2019	Autorización para realizar as luminarias de San Pedro
121/2019	01-07-2019	sesión extraordinario do Pleno do Concello
122/2019	01-07-2019	Solicitud e liquidación de uso da cafetería de O Castro para celebración particular
123/2019	04-07-2019	Relación de recibos correspondentes ó mes de xuño do 2019 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar




## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000009

124/2019	04-07-2019	Contrato Menor para escarificar el campo de fútbol
125/2019	08-07-2019	Solicitud de uso de un local de Avispeira
126/2019	08-07-2019	Solicitud de un local da Area Recreativa O Castro
127/2019	08-07-2019	Solicitud para usar un local da Escola de Avispeira para un curso de maquillaxe
128/2019	10-07-2019	Solicitud para usar un local de Avispeira para impartir taller "Tempo para a muller"
129/2019	10-07-2019	Solicitud para usar os dous locais da Area Recreativa O Castro para a celebración da festa do maior
130/2019	10-07-2019	Solicitud de uso dos dous locais da Area Recreativa o Castro para unha representación teatral infantil
131/2019	11-07-2019	Contrato Menor de servizos para a Dirección da obra : Mellora camiño de Casanova -Os Campos Agader 2019-2020
132/2019	11-07-2019	Contrato Menor de servizos para realizar labores de desbroce de vías municipais
133/2019	22-07-2019	adxudicación do contrato de Obras a :Mellora camiño de Casanova -Os Campos ( Cerdido) Plan AGADER, Mellora de camiños municipais 2019-2020
134/2019	23-07-2019	adxudicación do contrato de Obras a: Mellora camiño de Casanova -Os Campos ( Cerdido) Plan AGADER, Mellora de camiños municipais 2019-2020
135/2019	24-07-2019	Alta no padrón municipal de habitantes en Rioforcado, 3, A Barqueira
136/2019	24-07-2019	Solicitud de autorización para usar un local de O Castro para unha xuntanza familiar
137/2019	12-07-2019	Adhesión ao Convenio entre a Administración Xeral do Estado (MINHAP) e a Xunta de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica"
138/2019	29-07-2019	Contrato Menor para realizar el control de calidade de la obra:Camiño Casanova Os Campos, Os Casás, financiada por AGADER 2019-2020
139/2019	29-07-2019	aprobación nóminas xullo
140/2019	30-07-2019	Contrato menor para a adquisición dunha hidrolimpiadora gasolina
141/2019	02-08-2019	Mesa xeral de negociación para a modificación da RPT
142/2019	05-08-2019	aprobación das liñas fundamentais do presuposto económico 2020
143/2019	20-08-2019	<b>Relación de recibos correspondentes ó mes de xullo do 2019 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar</b>
144/2019	20-08-2019	Alta no padrón municipal de habitantes en Abelleira de arriba, 7, A Barqueira
145/2019	21-08-2019	Decreto de aprobación de gastos e outros, facturas 2019/808 a 2019/926, certificación de obras, taxas, nóminas e seguridade social
146/2019	22/08/2019	Solicitud de uso dos dous locais e a pista polideportiva de O Castro
147/2019	22/08/2019	Solicitud de uso de un local de Avispeira para celebrar o curso de pintura
148/2019	22/08/2019	Solicitud de aula-Concello de Cerdido



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000009

### 12.-ROGOS E PREGUNTAS

O Concelleiro **Alberto Rey Paz** fai os seguintes rogos e preguntas :

1.- Solicito un informe dos servizos sociais , sobre o servizo de axuda no fogar , beneficiarios , horas atendidos , persoal contratado , orzamento etc

O alcalde explica que estas solicitudes mellora realizalas por escrito e no rexistro municipal .

2.- Esta previsto revisar o proxecto da obra da estrada entre San Sadurniño e Mera, para posibles melloras no núcleo Urban de As Felgosas ? O a posibilidade de realizar unha rotonda en Felgosas o continuar as beirarrúas pola marxe dereita segundo engade a Concelleira Amaia Diaz Rodriguez.

O Alcalde informa que soamente propoñen melloras en Barbelas e Cruz Encarnada e achegamos ideas para poder realizar un cambio de sentido en Cruz Encarnada no cruce coa pista que vai a Vilela . En relación a rotonda , xa a pedimos pero dixeron que non dan as medidas para realizala. En canto as beirarrúas , parécelle boa opción e engade que xa se solicitou unha senda peonil entre a casa da cultura e a cooperativa .

3.- As pisas de Carballal e a pista da Labrada están en mal estado e a fonte de Casaldegonce perde auga por riba da estrada .

O alcalde informa que a pista do Carballal xa vaia amañar co POS 2019 e a pista da Labrada esa pendente de bachear e en relación o lavadoiro cree que a auga se perde dende o manantial e non no propio lavadoiro .

Ás 20:35 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Cerdido, 2 de setembro de 2019

A secretaria, Paula Díaz Tie

O alcalde, Benigno Galego Castro